

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

**18967** *RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2006, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se dispón a publicación do Regulamento xeral, dos regulamentos especiais número 1 e número 2 e do contrato de participación modelo da Exposición Internacional de Zaragoza 2008. («BOE» 261, do 1-11-2006.)*

De conformidade co establecido no Convenio de París do 22 de novembro de 1928 e en modificacións posteriores, esta Secretaría Xeral Técnica dispuxo, para a súa debida vixencia e cumprimento, a publicación do Regulamento xeral, dos regulamentos especiais número 1 e número 2 e do contrato modelo de participación da Exposición Internacional de Zaragoza 2008. O Goberno tivo coñecemento destes regulamentos e do contrato modelo na reunión do Consello de Ministros do 29 de setembro de 2006 e publícanse agora, para xeral coñecemento, como anexo a esta resolución.

Madrid, 24 de outubro de 2006.–O secretario xeral técnico do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Francisco Fernández Fábregas.

### ANEXO

#### EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ZARAGOZA 2008

#### Regulamento xeral

##### SECCIÓN I. DISPOSICIÓNS XERAIS

##### Artigo 1.

A cidade de Zaragoza, España, acollerá a celebración dunha exposición recoñecida que levará por título Exposición Internacional Zaragoza España 2008 ou Exposición Recoñecida de Zaragoza, España 2008. Será coñecida tamén por Expo 2008; Expo 2008, Zaragoza, España; Expo 2008 Zaragoza; Zaragoza 2008 e Expo Zaragoza 2008.

O tema da exposición é: «Auga e desenvolvemento sustentable». A auga, fundamento da vida e do desenvolvemento das comunidades humanas e suxeito frecuente de crises e conflitos, é o desafío da Humanidade no século XXI. A Expo Zaragoza 2008 aborda o reto de tratar o tema «Auga e desenvolvemento sustentable» considerando os problemas da auga como fonte de cooperación e creativi-

dade entre todos os pobos e como legado cultural para transmitirles ás futuras xeracións.

Por primeira vez na Historia, o ser humano ten os medios técnicos e financeiros suficientes para abordar o problema da auga a escala planetaria. A Expo Zaragoza 2008 quérese sumar ao grande esforzo internacional para protexer e xestionar adecuadamente os recursos hídricos, base do desenvolvemento económico e social dos pobos.

Logo dunha enquisa realizada en maio de 2004, a Oficina Internacional de Exposicións (en diante OIE) recoñeceu a exposición na súa 138 Asemblea Xeral, de decembro de 2005, de acordo coas disposicións sobre exposicións internacionais do Convenio de París do 22 de novembro de 1928 (en diante o convenio).

##### Artigo 2.

A exposición comprenderá unha área máxima de 25 hectáreas de uso exclusivo, co cal as restantes actividades se situarán nas proximidades ou na propia cidade de Zaragoza.

O recinto está fronte á cidade vella, na zona denominada o meandro de Ranillas, unha sección en expansión da cidade de Zaragoza, a distancia escasa das novas estacións de tren e autobús.

##### Artigo 3.

A exposición inaugurarase o 14 de xuño e quedará clausurada definitivamente o 14 de setembro.

No caso de se disporen unha ou varias datas de visitas antes da data de apertura oficial para determinados invitados especiais, como poden ser os representantes dos medios de comunicación, estas fixaranse de acordo co Comité Directivo do Colexio de Comisarios.

##### SECCIÓN II. AUTORIDADES GOBERNAMENTAIS NO ÁMBITO ORGANIZATIVO

##### Artigo 4. *Responsable governamental da exposición.*

A exposición estará baixo a autoridade da vicepresidenta primeira e ministra da Presidencia do Goberno de España, membro signatario da Convención modificada do 22 de novembro de 1928. Esta autoridade será a responsable de preparar ou emprender as medidas legais, económicas e doutra índole necesarias para garantir o éxito e o prestixio da exposición. A ministra exercerá a súa autoridade e control sobre toda a exposición a través do comisario da exposición.

##### Artigo 5. *O comisario da exposición.*

O Goberno de España nomeará o comisario da exposición.

O comisario da exposición representará o Goberno en todos os asuntos relacionados coa exposición. Será responsable de garantir o debido cumprimento dos compromisos adquiridos coa OIE e os participantes. Asegurarase de que se respecte o programa de traballo e do cumprimento das disposicións xerais dos regulamentos xeral e especiais. Gozará de poderes disciplinarios sobre a exposición e, no exercicio do seu cargo, terá autoridade para suspender ou interromper calquera actividade, ou retirar en calquera momento os elementos de calquera orixe que resulten incompatibles co prestixio da exposición e que sexan causa de posible risco ou responsabilidade. Se a Organizadora ou o comisario dunha sección nacional estivesen en desacordo coa decisión do comisario da exposición, aplicarase o estipulado no artigo 10 destes regulamentos, que as partes se comprometeron a respectar. Este recurso ten o poder de suspender a decisión excepto cando se trate dunha cuestión de seguraza.

O comisario da exposición poderá delegar o exercicio dos seus poderes noutros membros do seu equipo.

#### Artigo 6. *Relacións entre o comisario da exposición e a OIE.*

En canto reciba a información, o comisario da exposición comunicarlle á OIE as decisións de todos os gobernos con respecto á súa participación e, máis concretamente, aqueles documentos en que estes gobernos lle comuniquen ao comisario a súa aceptación, a designación de comisarios de seccións nacionais, os lugares seleccionados polos países participantes, etc.; así como os contratos de participación unha vez asinados.

Deberalle remitir á OIE os textos das disposicións especiais dentro dos prazos especificados no artigo 34 deste documento. Informará a OIE, principalmente en cada unha das súas sesións, de todo desenvolvemento e progreso relacionado coa preparación da exposición. Asegurarase de que o uso da insignia da OIE cumpra coas disposicións establecidas por el. Ademais, recibirá os delegados da OIE que acudan á exposición en misión oficial.

Asegurarase de que o organizador indique por todos os medios posibles, concretamente mediante a súa mención en todos os documentos, que a exposición foi recoñecida pola OIE.

Comunicarlle á OIE, ao seu debido tempo e para información dos participantes, os textos lexislativos, estatutarios ou de calquera outra índole que adoptaron o Estado organizador e as autoridades públicas locais, co fin de facilitar a participación dos Estados estranxeiros e asegurar o éxito da exposición.

Acordará coa OIE os métodos e procedementos necesarios para o aboamento á OIE do 2% do total da venda de entradas da exposición libres de impostos (en diante canon de ingresos por entradas), en consonancia coas disposicións da OIE.

#### Artigo 7. *Colexio de Comisarios/Comité Directivo.*

O comisario da exposición convocará o antes posible unha reunión dos comisarios de sección en representación dos países participantes para designar un presidente e un comité directivo que os represente para considerar cuestións de interese mutuo e para exercer os poderes estipulados no artigo 10 deste documento. O Comité Directivo estará formado por comisarios de Estados membros da OIE. Se o número de países participantes se duplicase despois das eleccións, estas perderán a súa validez e convocaranse novas eleccións.

Se o presidente do Comité Directivo non puidese, por calquera causa, cumprir coas súas responsabilidades,

delegará os seus poderes noutro membro do Comité Directivo.

#### Artigo 8. *A Organizadora da exposición.*

En relación coa autoridade do comisario, a preparación, a organización, o funcionamento e a xestión da exposición serán responsabilidade da Sociedade Estatal Expoagua Zaragoza 2008, en diante a Organizadora.

Co fin de informar os participantes e para que conste nos rexistros da OIE, o comisario da exposición comunicarlle á OIE os procedementos constitutivos e a composición dos corpos directivos da exposición, así como os termos básicos das garantías, os beneficios ou as restricións derivadas das convencións asinadas pola Sociedade Estatal Expoagua Zaragoza 2008 co Estado e, de darse o caso, con outras autoridades públicas.

#### SECCIÓN III. PARTICIPANTES OFICIAIS: DEREITOS E OBRIGAS

#### Artigo 9. *Dereitos e obrigas.*

A. O Goberno de cada país que participe na exposición estará representado por un comisario de sección acreditado en España. Calquera organización internacional participante pode tamén designar un comisario de sección.

O contrato de participación asinarao o comisario de sección e a Organizadora, referendado polo comisario da exposición.

O comisario de sección é o único responsable da organización e o funcionamento da sección do seu país, incluídos todos os expositores e os directivos das actividades comerciais descritas no capítulo III da sección IV deste documento, pero non dos concesionarios mencionados na sección V.

O comisario de sección garantirá que os membros da súa sección cumpran as disposicións da Organizadora aprobadas pola OIE.

Co fin de facultar o comisario de sección para o desempeño das súas responsabilidades, terá as vantaxes enumeradas no Regulamento especial n.º 11 que se menciona no artigo 34.

O persoal das seccións nacionais estranxeiras poderá desfrutar dos aloxamentos enumerados no Regulamento especial n.º 5 do artigo 34.

B. Todos os participantes oficiais se rexerán por idénticas leis polo que respecta aos seus dereitos e obrigas.

A Organizadora non permitirá ningún tipo de variación, excepto as descritas a seguir.

A Organizadora poderalles ofrecer condicións económicas máis favorables a aqueles participantes oficiais das categorías que se describen a seguir: países con participación oficial das categorías PMD (países menos desenvolvidos) ou PSA (lista de Nacións Unidas de países sumamente afectados) e as organizacións internacionais que participen de xeito oficial.

O contido das condicións económicas pódese referir:

Ás tarifas por servizos xerais segundo se describen no artigo 15 deste documento.

Aos canons por actividades comerciais segundo se describen no artigo 20 deste documento.

A outros elementos necesarios para a participación destes países.

Estas condicións incluíranse explicitamente no contrato de participación remitido á OIE a favor destes países e organizacións internacionais.

**Artigo 10. Resolución de controversias.**

Calquera disputa entre un participante oficial e outro participante oficial ou a Organizadora solucionarase do xeito seguinte:

1. Se a controversia fose relativa á interpretación destas disposicións xerais, das disposicións especiais do contrato de participación consideradas á luz do convenio ou da normativa obrigatoria da OIE, o Comité Directivo do Colexio de Comisarios actuará como árbitro despois de entrevistarse, se procedese, co presidente da OIE, quen, coa axuda do vicepresidente (ou vicepresidentes) e o secretario xeral, expresará a súa recomendación. O comisario da exposición ou a Organizadora poden tamén considerar a opinión arriba descrita. A decisión do Comité Directivo será de aplicación inmediata e inapelable. No transcurso da súa seguinte sesión, a Asemblea Xeral da OIE dará a coñecer se se aproba a interpretación do Colexio de Comisarios, a cal constituirá desde entón un precedente para futuros casos similares; doutro xeito indicará a interpretación que se debía ter facilitado.

2. Se a controversia fose causada polos obxectos expostos, o Comité Directivo procederá a informar a Xunta, de acordo co parágrafo terceiro da cláusula 19 do convenio.

3. Se o caso debese resolvelo o comisario da exposición segundo o disposto nestas disposicións xerais, calquera parte poderá exixir o asesoramento previo do Comité Directivo.

4. Para calquera outra controversia, cada parte pode exixir arbitraje:

En primeira instancia, do comisario da exposición unicamente.

En segunda instancia, do mencionado comisario logo de consultar co Colexio de Comisarios.

En terceira instancia, do Colexio de Comisarios.

A decisión será tomada no nivel exixido pola parte que opte polo nivel máis elevado.

5. As decisións arriba descritas ditaranse nun prazo de dez días. En caso contrario, a controversia (se entra dentro dos puntos 1, 3 ou 4 anteriores) presentarase perante o Colexio de Comisarios para a súa resolución nun prazo de cinco días.

Doutro xeito, a petición da parte causante da disputa será considerada inustificada.

**SECCIÓN IV. CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN****CAPÍTULO I****Admisión****Artigo 11. Admisión de artigos e material da exposición.**

A orixe destes produtos rexeráse polo disposto no artigo 19 do convenio.

**Artigo 12. Admisión de participantes.**

Os expositores das seccións nacionais serán seleccionados polo comisario de sección baixo a súa autoridade exclusiva.

Os expositores sen cabida en ningunha sección, como organizacións non gobernamentais ou empresas, tratarán directamente coa Organizadora, quen informará o Goberno do país de orixe do expositor en cuestión sobre as súas intencións nada máis producirse o contacto.

**Artigo 13. Pavillóns.**

De acordo co artigo 13 da regulación xeral de exposicións internacionais da OIE, existen as seguintes categorías de pavillóns:

a) Pavillóns dedicados a examinar o tema da exposición baixo a responsabilidade da Organizadora.

b) Pavillóns nacionais e de organizacións internacionais.

c) Pavillóns multinacionais para países con vínculos comúns ou países descritos no artigo 9-B deste documento.

d) Pavillóns empresariais baixo a autoridade do comisario de sección do país a que pertencen.

**CAPÍTULO II****Localizacións – Instalacións – Custos****Artigo 14. Localizacións.**

O espazo total dispoñible para as seccións nacionais estranxeiras será, como mínimo, idéntico ao asignado á sección española. No caso de que este espazo non fose asignado seis meses antes da inauguración, a Organizadora recuperará o seu dereito a dispor libremente del.

Non se cobrará ningunha renda polo espazo asignado aos participantes oficiais.

**Artigo 15. Servizos xerais.**

A Organizadora subministrará por conta de cada participante os servizos de gas, electricidade, telecomunicacións, tomas e saídas de auga, recollida de lixo, etc. As tarifas por estes servizos axustaranse ás tarifas locais no momento en que se presten.

**Artigo 16. Edifícios e instalacións.**

Ningún participante poderá realizar modificacións nos terreos da exposición sen o consentimento previo da Organizadora. Os labores de preparación de terreos, de paisaxismo ou de calquera outro tipo de mellora realizados nos arredores dos edificios deberán contar, pola súa vez, coa aprobación previa da Organizadora. De igual xeito, os planos de ordenación do recinto trazados pola Organizadora non poderán ser modificados, non sendo que os participantes en cuestión estean de acordo ou o Comité Directivo do Colexio de Comisarios concedese permiso para iso.

O Regulamento especial n.º 3 do artigo 34 contén referencias ás disposicións sobre construción e mellora en vigor no recinto da exposición. Tamén inclúe as condicións especiais aplicables no interior do recinto, tendo en conta a natureza temporal dos edificios que se erixan e as melloras que se realicen. Ademais, os participantes pódennlle solicitar ao comisario da exposición a exención da normativa. En tal caso, o comisario decidirá ao respecto ou fará todo o necesario para que as autoridades competentes tomen unha decisión.

O Regulamento especial n.º 4 do artigo 34 alude ás condicións de instalación e funcionamento de calquera máquina, aparello ou equipamento que puidesen empregar os participantes.

**Artigo 17. Entrega dos recintos.**

Os traballos de adaptación finalizarán o 14 de abril de 2008, os labores de remate concluirán o 14 de maio de 2008 e as tarefas de instalación das exposicións quedarán rematadas o 7 de xuño de 2008.



Para poder cumprir con este programa, os recintos entregaránse aos participantes o 2 de xaneiro de 2008; a introdución dos elementos destinados á exposición autorizarase o 1 de abril de 2008.

As localizacións asignadas aos participantes quedarán baleiras e en bo estado para o 28 de decembro de 2008.

#### Artigo 18. *Exposicións.*

Ningunha exposición nin parte dela será retirada sen o permiso do comisario da exposición.

Se un participante non puidese cumprir os compromisos contraídos coa Organizadora, o comisario da exposición pode proceder, logo da clausura da exposición e por conta e risco do participante, a desmantelar, retirar, almacenar, embargar ou vender as pertenzas do participante que estean dentro do recinto da exposición. A cantidade debida á Organizadora da exposición será deducida dos beneficios obtidos da devandita venda.

### CAPÍTULO III

#### Actividades comerciais e varios

#### Artigo 19. *Disposicións xerais.*

As actividades comerciais ou de calquera outra índole levadas a cabo nas seccións nacionais serán autorizadas en consonancia con este regulamento xeral, ou no contrato de participación, ou polo comisario da exposición. Estas actividades poden incluír o comercio electrónico. Un participante oficial poderá gozar de calquera beneficio especial obtido por outro participante oficial.

Estas actividades quedan exclusivamente baixo a xurisdición do comisario de sección pertinente. Se estas ou outras actividades comerciais ocasionasen o pagamento de royalties, de acordo cos termos establecidos no contrato de participación, estes serán cobrados polo comisario de sección.

O espazo dedicado a actividades comerciais e de acceso público non excederá o 20% do espazo total da exposición co fin de asegurar que a presentación nacional cumpre co disposto no artigo I, 1 do convenio.

#### Artigo 20. *Actividades comerciais.*

De acordo coas condicións establecidas no Regulamento especial n.º 8 do artigo 34, os participantes oficiais poden abrir restaurantes onde sirvan, principalmente, pratos típicos do seu país.

De acordo coas condicións do Regulamento especial n.º 8 do artigo 34, os participantes oficiais poderán vender ao público fotografías (incluídas diapositivas), tarxetas postais, gravacións de audio, películas, CD-ROM, videocasetes, libros e selos dos seus países. Suxeito á aprobación da Organizadora, os participantes oficiais tamén poderán vender un número limitado de artigos representativos do seu país. Estes artigos poderán ser substituídos durante o transcurso da exposición.

Os artigos expostos nas seccións nacionais, así como os materiais empregados para instalar as presentacións, poderanse vender listos para ser entregados unha vez clausurada a exposición. Mediante esta opción, o expositor renunciará ao seu dereito de entrada temporal e quedará suxeito á normativa sobre impostos e alfándegas. A Organizadora non percibirá ningún dereito por estas vendas.

No caso de que a Organizadora lles garantise dereitos comerciais exclusivos a determinados provedores para a venda de bens ou servizos, estes non dificultarán as actividades comerciais dos participantes oficiais, tanto se as ditas actividades se constitúen como restaurantes coma

se o fan en calidade de venda de artigos incluídos nas seccións nacionais.

As concesións realizadas pola Organizadora respectarán o principio da non-discriminación entre participantes nacionais e estranxeiros. Evitarase o risco de desequilibrio entre o número e a natureza de concesións, así como o posible número de visitantes e unha comercialización excesiva que altere os propósitos dunha exposición internacional como establece a OIE.

#### Artigo 21. *Servizos de restauración do persoal propio.*

Calquera sección nacional poderá organizar un servizo de restaurante e repartición de refrixerios para uso exclusivo do seu persoal. Estas actividades non requirirán o pagamento de ningún dereito ao comisario da exposición nin á Organizadora.

#### Artigo 22. *Distribución de mostras gratuítas.*

Suxeito á aprobación do comisario da exposición, os comisarios de sección ou os expositores baixo a súa autoridade poden distribuír mostras gratuítas dos seus produtos ou permitir a súa degustación gratuíta.

#### Artigo 23. *Ocio e eventos especiais.*

Os participantes oficiais poden programar espectáculos, eventos especiais, presentacións ou reunións relacionadas co tema da exposición.

En cada caso, as condicións acordaranse de mutuo acordo entre o comisario da exposición, a Organizadora e o comisario de sección.

#### Artigo 24. *Publicidade.*

A) Os participantes poderán colocar letreiros, carteis, avisos, materiais impresos ou similares nas casetas e nos pavillóns.

B) O uso alleo á caseta ou ao pavillón de calquera material publicitario quedará suxeito á aprobación previa do comisario da exposición, quen poderá solicitar a retirada de calquera elemento publicitario que el mesmo non autorizase.

C) Os folletos e prospectos publicitarios repartiranse unicamente dentro dos límites da sección.

D) Toda publicidade sobre eventos especiais no recinto deberá ser autorizada polo comisario da exposición. Queda prohibida toda publicidade que produza contaminación acústica.

### CAPÍTULO IV

#### Servizos comúns

#### Artigo 25. *Disposicións alfandegueiras.*

En consonancia co artigo 16 do convenio e o seu apéndice sobre disposicións alfandegueiras e o sistema de alfándegas a que se refire o Regulamento especial n.º 6, tal e como se recolle no artigo 34, determinará a aplicación da disposición alfandegueira pertinente, segundo sexa necesario, que abrangan os bens e artigos de orixe estranxeiro destinados a ser expostos.

#### Artigo 26. *Operacións loxísticas e alfandegueiras.*

En beneficio da boa organización e xestión do recinto, limitouse a un máximo de tres o número de empresas encargadas das seguintes actividades:

Inspección alfandegueira, desembalaxe, almacenaxe, embalaxe e operacións relacionadas co recinto.

Envío e transporte (recepción incluída), carga e descarga de camións en calquera punto de chegada e partida.

Cada expositor encargárase da recepción de artigos no seu recinto, do reenvío de embalaxes e da inspección do seu contido. Se os expositores ou os seus axentes non estivesen presentes durante a chegada dos envíos ao recinto da exposición, o seu comisario decidirá a súa almacenaxe por conta e risco da parte interesada.

#### Artigo 27. *Seguros.*

##### I. Seguros persoais.

##### A. A lei exige a subscrición dun seguro obrigatorio.

1. **Retribución laboral.** De acordo coa lexislación laboral española, cada comisario de sección deberá asegurar tanto o seu persoal como o dos seus expositores contra accidentes laborais ou accidentes susceptibles de se produciren no recinto segundo as condicións fixadas no Regulamento especial n.º 7 do artigo 34.

2. **Seguro de vehículos de motor.** De acordo coa Lei xeral de tráfico, todos os vehículos pertencentes a unha sección nacional, os seus membros, empregados, expositores e, máis concretamente, calquera persoa baixo a autoridade en calquera das súas facetas dun comisario de sección, estará asegurado contra danos a terceiros segundo as condicións especificadas no Regulamento especial n.º 7 do artigo 34.

B. Este regulamento exige a subscrición dun seguro obrigatorio.

1. **Responsabilidade civil.** A Organizadora subscribirá unha póliza colectiva que cubra os riscos relacionados coa súa responsabilidade civil e que se enumeran no Regulamento especial n.º 7 do artigo 34. Esta póliza, subscrita coa aseguradora que ofrezca as mellores condicións, entrará en vigor o 2 de xaneiro de 2008 e expirará o 30 de setembro de 2008.

Todos os participantes oficiais poderán escoller entre subscribir esta póliza colectiva ou presentar documentación que acredite ter subscrita unha póliza con outra aseguradora aprobada polo comisario da exposición e que cubra idénticos riscos.

##### II. Seguros de bens.

A. **Bens pertencentes ao Goberno ou ao Estado organizador ou á Organizadora.** É responsabilidade exclusiva do propietario asegurar os seus bens (construcións, mobiliario, equipamento e outros) contra roubo, deterioración ou destrución, e non poderá delegar esta responsabilidade nun participante oficial en forma de recarga, aínda que o participante oficial reciba cobertura permanente ou temporal dun seguro.

B. **Bens dos participantes oficiais.** É responsabilidade exclusiva do propietario dos bens asegurados (edificios, mobiliario, equipamento, pertenzas persoais e outros) contra roubo, deterioración ou destrución.

O comisario da exposición, a Organizadora, os comisarios de sección e os seus expositores renuncian de mutuo acordo a calquera demanda que se puidese presentar como resultado dun dano material causado por un incendio ou outra adversidade. Esta demanda será aceptada en caso de actos delituosos.

Esta renuncia terá efecto automático para cada comisario de sección desde a entrada en vigor do seu contrato de participación. Todos os contratos relativos ao aseguramento de edificios, mobiliario, equipamento ou calquera outro elemento pertencente ás persoas mencionadas no parágrafo anterior, tanto na forma de contrato para esten-

der a cobertura da póliza colectiva coma na forma de póliza separada, deben incluír esta renuncia, a cal tamén se mencionará no contrato de participación.

#### Artigo 28. *Seguranza.*

De acordo coas condicións establecidas no Regulamento especial n.º 9 do artigo 34, a Organizadora proporcionará un sistema de seguranza que preserve a paz e a seguranza, impida a violación da lei e vele polo cumprimento das disposicións.

De acordo coas condicións descritas no regulamento especial mencionado anteriormente, os comisarios de sección poderán organizar a vixilancia especial das súas respectivas seccións.

#### Artigo 29. *Catálogo.*

1. Cada participante colaborará coa Organizadora nas actividades de publicación, produción e comunicación de cara a promocionar a exposición. O contido do material deberá contar coa aprobación dos comisarios de sección en cuestión.

2. O comisario de cada sección terá dereito á impresión e publicación, á súa custa, dun catálogo oficial dos elementos expostos na súa sección.

#### Artigo 30. *Acceso ao recinto.*

a) As condicións de admisión detállanse no Regulamento especial n.º 12 do artigo 34.

b) A Organizadora determinará o prezo de acceso á exposición.

No interior da exposición non se cobrará ningunha tarifa de acceso sen a aprobación da OIE.

c) As invitacións especiais ou de duración limitada, as tarxetas de acceso para os expositores e os concesionarios e as tarxetas para o persoal de servizo emitiránse segundo as condicións establecidas no Regulamento especial n.º 12 anteriormente mencionado.

## CAPÍTULO V

### Propiedade intelectual e industrial

#### Artigo 31 *Disposicións xerais.*

O Regulamento especial n.º 10, previsto no artigo 34, sobre a protección da propiedade intelectual e industrial, especificará:

A posición de España respecto:

Á Convención de Berna do 9 de outubro de 1886 sobre protección de obras de arte e literatura.

Á Convención de Xenebra do 6 de setembro de 1952 sobre dereitos de autor.

Á Convención de París do 20 de marzo de 1883 sobre a protección da propiedade industrial.

As referencias das leis aplicables en España.

As medidas especiais que se adoptarán durante a Expo Zaragoza 2008, se for o caso.

Indicaráselle ao persoal de seguranza que non se lle permitirá a ninguén debuxar, copiar, medir, fotografar, realizar moldes, etc., con ánimo de lucro, dos elementos expostos sen o permiso por escrito do expositor.

#### Artigo 32. *Fotografías e outras imaxes da exposición.*

A reprodución e venda de imaxes dos pavillóns de cada participante oficial deberaa aprobar o comisario da sección en cuestión. Non obstante, a Organizadora

reserva para si o dereito a autorizar a reprodución e venda de imaxes da exposición, xa sexan fotográficas ou de calquera outro tipo. Os participantes non poderán obxectar esta reprodución ou venda.

## CAPÍTULO VI

### Premios

#### Artigo 33. Premios.

Concederánselles premios aos mellores pavillóns tanto pola súa relevancia arquitectónica como pola súa representación das mensaxes e dos valores do tema da exposición.

Non se organizará ningunha competición entre as seccións nacionais.

## CAPÍTULO VII

### Disposicións especiais

#### Artigo 34. Listaxe de regulamentos e calendarios.

O Estado organizador remitiralle á OIE para a súa aprobación os borradores dos regulamentos especiais. Concretamente, estes abordarán:

1. A definición do tema da exposición e os medios con que contan a Organizadora e os participantes para levalo a cabo.

2. As condicións para a participación dos Estados, as organizacións internacionais e os expositores privados.

3. A normativa sobre construción e acondicionamento e protección contra incendios.

4. A normativa sobre instalación e manexo de máquinas, aparellos e equipamento de calquera tipo.

5. O aloxamento para o persoal das seccións oficiais estranxeiras.

6. As disposicións sobre alfándegas e loxística, así como calquera recarga e honorario.

7. Seguros.

8. As condicións polas cales os participantes oficiais poderán explotar restaurantes ou realizar vendas.

9. As disposicións sobre os servizos de:

Sanidade e hixiene.

Vixilancia e seguranza.

Distribución de auga, gas, electricidade, calefacción, aire acondicionado, etc.

Telecomunicacións.

10. A protección da propiedade intelectual e industrial. Esta disposición especificará que cada comisario de sección disporá dun uso non lucrativo do título, do logo e doutros atributos da exposición.

11. Os privilexios e as vantaxes dos comisarios de sección e o seu persoal.

12. As disposicións sobre a admisión ao recinto.

13. As condicións sobre a concesión de premios.

14. As normas de funcionamento do Comité de Dirección do Colexio de Comisarios de Sección.

Os regulamentos 1 ao 9 enviaranse, polo menos, 18 meses antes da data de inauguración da exposición recoñecida. Os regulamentos 10 ao 12 e 14 enviaranse, polo menos, 12 meses antes da data de inauguración da exposición recoñecida.

Estes regulamentos transmitiráselle ao Comité Directivo do Colexio de Comisarios en canto este for constituído, que os estudará e lle comunicará as súas observacións á OIE.

As restantes disposicións e directivas que a Organizadora estableza como requisitos da exposición entrarán en

vigor só despois de que o Comité Directivo do Colexio as examine.

Malia os prazos previstos para a aprobación destas disposicións especiais, o Comité organizador adiantará algunhas pautas sobre custos ou disposicións necesarias para sopesar as implicacións económicas da participación.

## SECCIÓN V. CONCESIONARIOS

#### Artigo 35.

As disposicións anteriores aplícanse aos concesionarios, excepto nos casos en que só incumban aos participantes oficiais, que son:

Artigos 6, 7, 9 e 10.

Capítulo I da sección IV

Artigo 14.

Capítulo III da sección IV, agás o artigo 24.

Capítulos IV (salvo o artigo 27), II, C e VI da sección IV.

As disposicións especiais mencionadas no artigo 34 baixo os números 1, 4, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12.

As condicións de participación restantes establecéranse no contrato de participación e cumpriran co previsto nos artigos 17, 18 e 19 do convenio.

#### Artigo 36.

As persoas e entidades cuxos países participen oficialmente na exposición serán admitidas unicamente como concesionarias suxeitas ao acordo do comisario de sección do seu país de orixe, o cal poderá fixar condicións especiais para a súa admisión.

## SECCIÓN VI. INDEMNIZACIÓNS EN CASO DE CANCELACIÓN DE EXPOSICIÓNS

#### Artigo 37.

No caso de que se renunciase a organizar unha exposición recoñecida, a Organizadora compensará os países que aceptaron participar nela polos gastos en que incorresen, que estean debidamente xustificadas e que deriven directamente da súa participación na exposición.

Non obstante, non se percibirá ningunha compensación se a cancelación se debe a unha causa de «forza maior» por desastre natural así considerado pola Asemblea Xeral por recomendación do Comité Executivo.

As indemnizacións serán fixadas pola Asemblea Xeral (a súa decisión será inapelable) e basearase na proposta do Comité Executivo que terá examinada a demanda cos documentos e coas evidencias achegadas polo Estado organizador, a Organizadora e todas as partes implicadas.

#### Artigo 38.

Ademais, a Organizadora compensará a OIE pola perda correspondente á porcentaxe do diñeiro das entradas pola cantidade que estableza a Asemblea Xeral segundo a proposta do Comité Administrativo e Orzamentario.

#### Artigo 39.

A Organizadora comprométese a cumprir coas obrigas definidas nos artigos 37 e 38, que garantirá o Estado mediante o rexistro da exposición.

A cantidade máxima destas indemnizacións fixarase antes do rexistro mediante un acordo entre a OIE, por un



lado, e a Organizadora e o Estado organizador, polo outro.

Estes compromisos formarán parte da documentación obrigatoria para cubrir o rexistro.

## REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 1

### Relativo á definición do tema da exposición e aos medios para expresalo por parte da Organizadora e dos participantes

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O propósito deste regulamento especial é o de definir o tema da Exposición Internacional Zaragoza, España, 2008 (en diante chamada a Exposición), de acordo co establecido nos artigos 1 e 34 do Regulamento xeral da exposición e en conformidade coas decisións adoptadas nas asembleas xerais 115 e 118 da Oficina Internacional de Exposicións no relativo á importancia do tema nas exposicións internacionais.

#### Artigo 2. *Principios xerais.*

A Organizadora da exposición e todos os participantes deberanse axustar ao establecido no Regulamento xeral e nos regulamentos especiais da exposición, e en especial ao seguimento do tema da exposición. A Organizadora apoiará os participantes para asegurarse de que seguen o tema da exposición nas súas presentacións e establecerá os mecanismos de coordinación necesarios para logralo.

#### Artigo 3. *Definición do tema.*

A auga, elemento imprescindible para a vida, é esencial para o desenvolvemento das comunidades humanas. Desde os tempos máis remotos, o dominio e control da auga foi motor de desenvolvemento tecnolóxico, campo da investigación científica, protagonista de crises, conflitos e acordos políticos.

O dominio das forzas da natureza mediante importantes avances tecnolóxicos proporcionou no século XX niveis de benestar sobre a Terra nunca coñecidos, pero xunto con grandes logros apareceron graves desequilibrios ecolóxicos e sociais derivados da inadecuada administración dos recursos e o desigual acceso aos bens naturais.

A presión antrópica sobre os recursos hídricos aumentou vertixinosamente ao longo das últimas décadas: o aumento demográfico, o desenvolvemento industrial, a expansión da agricultura de regadío, a popularización de hábitos hixiénicos e de ocio que implican maior uso da auga, multiplicaron non só o consumo senón tamén a alteración e contaminación dos cursos fluviais e das reservas hídricas.

O incremento do consumo de auga, a degradación dos leitos e a contaminación dos acuíferos, lagos e ríos está creando importantes impactos no ciclo da auga a diversas escalas e desequilibrios ambientais. Estes desequilibrios entrañan danos xa evidentes sobre os ecosistemas naturais, acaban coa riqueza natural dos lagos e ríos, aumentan o risco climático, multiplicando as súas consecuencias catastróficas, e afectan de xeito alarmante a calidade, cantidade e dispoñibilidade da auga para usos humanos.

En consecuencia, é necesario buscar novos xeitos de relación, que impliquen unha complicitade co ambiente e permitan o equilibrio imprescindible coa natureza e os recursos hídricos que nos ofrece.

O propósito da Expo Zaragoza 2008 é crear un marco único de reflexión colectiva, a escala global, sobre a necesidade de establecer unha nova relación coa auga, de compartir experiencias e ideas que impliquen prácticas e

usos sustentables, de presentar e impulsar innovacións tecnolóxicas e coñecementos científicos, que permitan sistemas máis eficientes, capaces de paliar os problemas e límites actuais; de compartir actuacións e modelos de xestión sustentable e concienciar sobre a importancia de adoptar hábitos de uso máis respectuosos.

Os frecuentes conflitos e crises da auga interprétanse como fonte de creatividade e cooperación entre todos os pobos do planeta coa cal incrementar o legado cultural que queremos transmitir ás xeracións futuras.

Trátase, en definitiva, de contribuír a crear unha nova cultura de relación coa auga, baseada en innovacións tecnolóxicas e novos modelos de xestión, imprescindibles para lograr un desenvolvemento sustentable, xusto e solidario.

#### Artigo 4. *O desenvolvemento do tema: subtemas e interpretación.*

Para promover a ampla participación de todos os países do mundo e desenvolver o tema da exposición, este subdividirase nos seguintes subtemas:

Auga para a vida, a saúde e o benestar.  
Auga para o desenvolvemento: a xestión do recurso.  
A auga, elemento de relación entre os pobos.  
A auga e as súas paisaxes.

##### 4.1 Auga para a vida, a saúde e o benestar.

A auga desempeña un papel fundamental para a satisfacción das necesidades vitais humanas, a saúde, a segurancia na alimentación, o benestar e as oportunidades de desenvolvemento sustentable.

Nacións Unidas declarou formalmente en 2002 que beber unha auga potable e segura era un dos dereitos humanos: «A auga é fundamental para a vida e a saúde. O dereito humano á auga é indispensable para unha vida saudable e digna. Trátase dun pre-requisito para todos os demais dereitos humanos».

Por primeira vez na Historia o ser humano dispón de medios técnicos e financeiros suficientes para solucionar o problema. O acceso á auga para todos non é unha utopía, é un reto.

Expo Zaragoza 2008, desde a especificidade dunha exposición internacional, colaborará a través da Tribuna da Auga e en pavillóns específicos a proclamar este dereito e procurará difundir as iniciativas que conduzan a reducir a proporción de persoas que non dispoñen de acceso á auga potable segura, nin aos servizos sanitarios básicos.

A relación da auga coa contemplación estética, a espiritualidade, o gozo sensorial, o xogo e o deporte poden ser un vehículo privilexiado para o achegamento a unha nova comprensión da auga e o desenvolvemento sustentable.

O subtema «Auga para a vida, a saúde e o benestar» pode ser interpretado e plasmarse atendendo aos seguintes conceptos:

Auga para a vida. Presentación dos avances e innovacións científicas e tecnolóxicas sobre a relación entre a auga e a vida: experimentación no espazo, investigación de vangarda, divulgación científica.

Auga para a saúde. Presentación dos progresos na investigación e novas tecnoloxías nos sistemas de abastecemento e saneamento; na hidroterapia e no termalismo; en cantas relacións se establezan entre a auga e a saúde.

A auga para o deporte e as actividades recreativas. Presentación de innovacións no ámbito dos diversos deportes náuticos e das actividades recreativas acuáticas como contribución cultural específica e oportunidade para o desenvolvemento de novas actividades económicas.

A auga e as artes. Unha relación tan forte coa auga non pode senón producir un inxente material artístico que a proclame tanto nos pavillóns expositivos coma nos espazos públicos. Presentación de innovacións nos diferentes campos da creación artística en que a auga é protagonista.

A auga e as diversas expresións de espiritualidade e valores antropolóxicos. Presentación de ritos de bautismo e purificación nas diferentes relixións, mitos relacionados coa auga, misterios e lendas.

4.2 Auga para o desenvolvemento: a xestión do recurso.

A auga é un recurso indispensable para calquera mellora da condición material da vida humana; a súa adecuada administración require a integración dos aspectos ecolóxicos, económicos, políticos e sociais.

A auga constitúe parte esencial de todo ecosistema: as alteracións do seu ciclo a calquera escala ocasionan cambios que afectan de xeito inmediato e a longo prazo a configuración dos sistemas vivos.

Os avances no coñecemento científico, a articulación de novas medidas de eficiencia económica e produtiva no seu uso e a súa consideración en clave de sustentabilidade, son os instrumentos de futuro para establecer unha xestión axeitada.

A interpretación e presentación deste subtema atende aos seguintes enunciados:

A auga nos sistemas produtivos: agricultura, industria e enerxía. Presentación das innovacións en sistemas eficientes de rega e programas encamiñados á diminución da contaminación agrícola; avances en sistemas eficientes e limpos na produción industrial; novas tecnoloxías na xestión da demanda e no rendemento económico da auga; investigación avanzada e experiencias positivas da auga como fonte de enerxía limpa e renovable.

Auga dispoñible e segura. Presentación de obras hidráulicas exemplares, dos novos retos da enxeñaría e de sistemas de prevención de riscos que compatibilizan a necesaria proximidade á auga coa protección respecto de enchentes e inundacións.

Presentación dos programas máis avanzados das organizacións internacionais e os estados para a prevención dos desastres relacionados con eventos climáticos extremos como inundacións e secas, epidemias e fame, reorientando enerxías cara ao desenvolvemento sustentable.

Boas prácticas en hábitos de consumo. Presentación de innovadores e significativos programas de boas prácticas desenvolvidas por cidadáns, organizacións e administracións. Presentación de innovacións e enxeños relacionados coas boas prácticas. Presentación do valor económico e social das boas prácticas.

4.3 A auga, elemento de relación entre os pobos.

A auga é elemento clave de relación entre os seres humanos. Os cursos de auga, ademais de seren arterias da vida natural, son camiño e vínculo entre os pobos. Todos vivimos augas abaixo.

Ben sexa a través de recursos superficiais ou subterráneos son moi escasos os países que non comparten as súas augas con países veciños.

A necesidade de acordar mecanismos para a axeitada xestión deste recurso vital limitado produciu sistemas de organización social que supuxeron en numerosas ocasións o embrión dos mesmos grupos humanos e dos seus territorios.

Os países que comparten unha bacía, un río, unha ruta conducida pola auga ou un mesmo espazo bioxeográfico poderán expor conxuntamente, se é o caso, os avances no coñecemento, a xestión concertada, o aproveitamento e o gozo dos recursos hídricos compartidos,

xa que arredor da auga se forma a historia das civilizacións, desde unha pequena sociedade local ata a humanidade entendida como unha comunidade global.

O subtema «A auga, elemento de relación entre os pobos» podería ser interpretado atendendo aos seguintes conceptos:

Auga, recurso compartido. Presentación de programas e accións de cooperación en bacías transfronteirizas.

Auga, camiño e lugar de encontro. Presentación de rutas que aproveitan puntos de auga, ríos ou costas para comunicar xentes de todos os lugares en todas as épocas, establecendo lazos políticos, comerciais, culturais, familiares e afectivos. Presentación de novas formas de relación cultural, social e económica que ofrecen os camiños da auga.

A auga, vehículo de concertación social. Presentación de novas e renovadas formas de xestión concertada entre usuarios dunha mesma bacía ou territorio.

4.4 A auga e as súas paisaxes.

A mirada intelixente e sensible sobre a auga e as súas paisaxes permite descubrir de xeito integrado a imaxe, estrutura, funcións e dinamismo dos sistemas vitais, así como as emocións e sensacións estéticas que proporcionan os seus estímulos sensitivos.

Na paisaxe recoñécense as condicións naturais do medio e a pegada que deixa a acción humana a través do tempo.

As sensacións, os vínculos afectivos, os signos de identidade, os símbolos e as formas de coñecemento transmitidos pola paisaxe determinan en boa medida o comportamento dos pobos cara ao seu contorno.

Os seguintes conceptos son parte do desenvolvemento deste subtema:

A auga como gran creadora de paisaxes naturais: a auga e os ecosistemas naturais. Presentación da riqueza, biodiversidade e beleza das súas paisaxes naturais, en que a auga é protagonista –ríos, fervezas, cavidades, zonas húmidas, bosques, desertos,...–, así como as fórmulas máis avanzadas e innovadoras para a súa xestión adecuada e conservación e as oportunidades económicas e sociais que prestan para o desenvolvemento sustentable.

Presentación de novos programas e accións encamiñados ao coidado dos ecosistemas naturais, imprescindibles para a reciclaxe dos recursos hídricos.

As infraestruturas hidráulicas, a ordenación do territorio e o urbanismo sustentable. Presentación de experiencias moi innovadoras en infraestruturas hidráulicas, ordenación do territorio e urbanismo sustentable que tenden a favorecer a calidade dos ecosistemas, a diversidade formal e funcional, a eficiencia no consumo enerxético e as oportunidades de desenvolvemento social e económico.

Presentación do patrimonio hidráulico, os máis avanzados sistemas de aproveitamento da auga, as infraestruturas e as experiencias máis innovadoras na planificación urbana dos «water fronts».

Artigo 5. *Apoio da Organizadora.*

A Organizadora ofrecerá aos participantes os seguintes servizos de apoio en relación co tema:

a) Documentación gráfica con elementos de guía e suxestións de exhibición para ilustrar o tema desde distintos puntos de vista.

b) Un servizo de asesoría aos participantes para as distintas etapas de desenvolvemento das súas presentacións.

Os servizos de apoio da Organizadora estarán dispoñibles para os participantes non máis tarde de xuño de 2006



e os seus detalles seranlles comunicados aos participantes oportunamente.

#### Artigo 6. *Mecanismos establecidos para axustarse ao tema.*

Conforme establece o artigo 8, punto 1 do Regulamento especial 2 relativo ás condicións de participación, os participantes deberanlle presentar unha solicitude á Organizadora para que esta lles asigne un espazo dentro dos edificios existentes e acompañarán esta solicitude cunha definición do tema do pavillón. Esta definición do tema deberá facer referencia ao tema e subtemas da exposición.

No caso de que a definición do tema do pavillón non se axustase ao establecido no desenvolvemento dos contidos da exposición, a Organizadora, de acordo co artigo 5 b) deste regulamento, prestaralle o seu servizo de asesoría ao participante de que se trate de maneira prioritaria.

Se non existise acordo entre o participante e a Organizadora sobre a definición do tema do pavillón, o asunto seralle referido ao comisario da exposición para a súa arbitrase.

A asignación do espazo correspondente a un participante non poderá ser considerada como definitiva ata que non se conte co acordo da Organizadora sobre a definición do tema do pavillón.

Co obxecto de preparar o catálogo oficial da exposición, os participantes proporcionaranlle á Organizadora os detalles relativos á súa presentación como mínimo 120 días antes da apertura da exposición.

Como parte integral da solicitude preliminar de aprobación prevista no Regulamento especial 3 relativo aos traballos de mellora da construción e sistemas contra incendios, o participante incluírá un documento titulado «Proxecto de exposición», que deberá describir con detalle a súa proposta de presentación, que se corresponderá, en todo caso, coa definición do tema do pavillón. A Organizadora verificará que esta presentación se axusta á definición do tema do pavillón e ao establecido nos artigos 3 e 4 deste regulamento.

No caso de que a presentación do participante non sexa aprobada pola Organizadora, esta exporá de xeito detallado e por escrito as razóns da súa discrepancia e as suxestións para solucionar as dificultades. De igual maneira, a Organizadora ofreceralle o seu servizo de asesoría ao participante, previsto no artigo 5 deste regulamento.

O participante procurará modificar o contido da súa presentación, axustándose ao establecido nas recomendacións da Organizadora. Se non se lograse un acordo entre o participante e a Organizadora, o asunto seralle referido ao comisario da exposición para a súa arbitrase. De non conseguir un acordo, recorrerase ás previsións establecidas no artigo 10 do Regulamento xeral da exposición para dirimir as disputas.

#### Artigo 7. *Medidas adoptadas pola Organizadora.*

A Organizadora da exposición ten prevista unha contribución ao tema da exposición mediante a creación de varios pavillóns e prazas temáticas, cuxo contido e detalles serán obxecto de publicacións específicas.

Como parte esencial da exposición, a Organizadora está planificando a realización dun ciclo de conferencias denominado A Tribuna da Auga, que será un foro de discusión e debate sobre o tema da exposición.

A Tribuna da Auga iniciarase con antelación á apertura da exposición e culminará nunha Conferencia internacional sobre a auga e o medio que dea lugar á Declaración de Zaragoza. Esta conferencia terá lugar no mes de setembro de 2008, xusto antes da clausura da exposición.

A Organizadora convidará os participantes a contribuír á Tribuna da Auga coas súas iniciativas. Para iso, os participantes deberán someter os seus plans neste sentido á Organizadora seis meses antes da apertura da exposición.

## REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 2

### Relativo ás condicións de participación

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O propósito deste regulamento especial é o de establecer as condicións de participación na Exposición Internacional Zaragoza 2008 (en diante, a Exposición) de acordo coas seccións III e IV do Regulamento xeral da exposición (en diante, o Regulamento xeral).

##### Artigo 2. *Participantes oficiais. Definición.*

Para os efectos deste regulamento e dos demais regulamentos especiais, serán considerados participantes oficiais os Estados que aceptasen a invitación do Goberno de España a participar na exposición.

Tamén terán a consideración de participantes oficiais, unha vez que aceptasen a invitación do Goberno de España a participar na exposición, as organizacións internacionais que persigan o obxectivo de promover a cooperación internacional en materia científica, económica ou cultural ou que se dediquen a aspectos do tema da exposición: «Auga e desenvolvemento sustentable».

##### Artigo 3. *Participantes non oficiais. Definición.*

Consideraranse participantes non oficiais aqueles individuos, corporacións ou organizacións autorizadas pola Organizadora da exposición a participar fóra das seccións dos participantes oficiais.

##### Artigo 4. *Conformidade coas normas e regulamentos.*

Os participantes actuarán de acordo coas normas e regulamentos da exposición, así como coas leis do Reino de España.

##### Artigo 5. *Materiais e obxectos expostos.*

1. Todas as presentacións se deberán axustar ao establecido no Regulamento especial número 1, relativo á definición do tema da exposición e os medios para a súa aplicación por parte da Organizadora e dos participantes, e deberán ser aprobadas pola Organizadora. En caso de conflito someterase á arbitrase do comisario da exposición.

2. Os obxectos expostos deberanse axustar ao establecido no Regulamento especial 3, referido ás normas relativas á construción ou mellora das instalacións e á protección contra incendios, así como no Regulamento especial 4, relativo ás normas relacionadas coa instalación de máquinas, aparellos e equipamentos de todo tipo.

3. En ningunha circunstancia se permitirá no recinto da exposición ningún material que poida ser considerado perigoso ou daniño para a saúde das persoas, os animais ou o ambiente, así como que poida alterar a orde pública, de acordo coas leis españolas.

## CAPÍTULO II

**Participantes oficiais****Artigo 6. *Contrato de participación.***

1. Os participantes oficiais que desexen participar na exposición deberán acordar un contrato de participación. O contrato de participación deberá estar asinado polo comisario da sección nacional de que se trate e pola Organizadora e deberá estar conformado polo comisario da exposición.

2. No caso de que os participantes oficiais desexen levar a cabo actividades comerciais nos seus pavillóns, deberán axustar ao establecido nos artigos 19 e 20 do Regulamento xeral da exposición, así como no Regulamento especial 8, relativo ás condicións baixo as cales os participantes oficiais poden explotar restaurantes e tendas. Os detalles destas actividades deberán ser descritos nun anexo do contrato de participación.

3. O contrato de participación deberá ir acompañado dos planos e documentos relativos ao seu pavillón, especialmente os mencionados no Regulamento especial 3, referido ás normas relativas á construción ou mellora das instalacións e á protección contra incendios, así como no Regulamento especial 4, relativo ás normas relacionadas coa instalación de máquinas, aparellos e equipamentos de todo tipo.

**Artigo 7. *Dispoñibilidade de espazo nos pavillóns modulares.***

1. A Organizadora ofrecerá aos participantes oficiais un espazo illado en que desenvolveren o seu pavillón nacional, tal como se define no artigo 1 do Regulamento xeral e no Regulamento especial 1, relativo á definición do tema da exposición e os medios para a súa aplicación por parte da Organizadora e dos participantes.

2. O espazo dentro dos pavillóns modulares porase á disposición dos participantes oficiais de maneira gratuita.

**Artigo 8. *Asignación de espazos.***

1. Os participantes oficiais solicitaránlle oficialmente á Organizadora a asignación dun espazo cuberto dentro dos edificios existentes e acompañarán esta solicitude coa documentación requirida en relación coas características e co contido da súa exposición e as dimensións da súa área de exposición. Esta solicitude conterá unha definición do tema do pavillón.

2. Os participantes oficiais presentaránlle unha solicitude á Organizadora para se integraren nunha das áreas excoxeográficas en que estará dividido o recinto da exposición. As características desa presenza, así como os detalles de espazo e localización serán especificados no contrato de participación.

3. A Organizadora responderá por escrito a esta solicitude non máis tarde de 30 días desde a súa recepción. Se a Organizadora xulgase que a presentación proposta polo participante oficial non reúne as características necesarias para desenvolver o tema da exposición ou a considerase inaceptable, comunicarlle ao participante oficial as razóns do seu rexeitamento, así como as maneiras suxeridas para solucionar o. As modificacións necesarias serán acordadas co comisario da sección de que se trate.

4. Para a asignación dos espazos, a Organizadora terá en conta a solicitude formulada, así como a data de aceptación da invitación para participar. A asignación do espazo constará no contrato de participación, polo cal esta asignación terá o carácter de provisional ata o asinamento do referido contrato.

5. A Organizadora terá dereito, antes do asinamento do contrato de participación e sen responsabilidade de ningún tipo, a cambiar a asignación dos espazos de exhibición con obxecto de asegurar o éxito da exposición e a harmonía necesaria no recinto.

**Artigo 9. *Dispoñibilidade do espazo e datas para a realización dos traballos.***

1. Os espazos individuais de exhibición serán entregados aos participantes oficiais non máis tarde do 2 de xaneiro de 2008.

2. Os traballos de transformación interior e exterior e demais retoques finais deberán estar rematados o 14 de maio de 2008.

3. Os traballos de decoración e instalación de obxectos para ser exhibidos deberán concluír o 7 de xuño de 2008. O comisario da exposición poderá pedir a colaboración dos participantes oficiais para que amosen as súas exposicións nun esforzo de promoción previo á apertura oficial da exposición.

4. Os participantes deberán deixar libres os espazos de exhibición e restaurados á súa condición orixinal non máis tarde do 28 de decembro de 2008. En circunstancias excepcionais un participante oficial podería negociar coa Organizadora outra data alternativa.

**Artigo 10. *Servizos da Organizadora.***

1. A Organizadora proporcionará aos participantes oficiais durante a exposición os seguintes servizos:

- Gas.
- Electricidade.
- Conexións para abastecemento e para saneamento.
- Auga para acondicionamento de aire.
- Telecomunicacións.
- Recolla de lixo.
- Seguranza dos pavillóns.
- Outros servizos considerados necesarios para a Organizadora.

2. Os custos destes servizos serán por conta dos participantes oficiais, segundo os prezos vixentes na cidade de Zaragoza.

3. Os participantes oficiais deberán someter ao establecido no Regulamento especial 3, referido ás normas relativas á construción ou mellora das instalacións e á protección contra incendios; no Regulamento especial 4, relativo ás normas relacionadas coa instalación de máquinas, aparellos e equipamentos de todo tipo, e no Regulamento especial 9, relativo á sanidade, hixiene, limpeza, vixilancia e seguranza, distribución de auga, gas, electricidade, calefacción, aire acondicionado, telecomunicacións, etc.

4. A Organizadora ofrecerá aos participantes oficiais unha lista de compañías de referencia que lles poidan prestar os seguintes servizos:

- Mantemento e limpeza.
- Instalación de dispositivos de seguranza.
- Instalación de dispositivos contra incendios.
- Seguranza.
- Arquitectura e enxeñaría.
- Decoración en instalacións de exhibicións.

5. A Organizadora proporcionará os seguintes servizos sen ningún custo:

- Primeiros auxilios.
- Limpeza e mantemento dos espazos públicos.
- Recolla de lixo de espazos públicos.
- Centro para persoas extraviadas.
- Obxectos perdidos.
- Sinalización e información.
- Seguranza e vixilancia no exterior dos pavillóns.

Protección contra incendios.  
Iluminación xeral exterior.  
Aseos e auga potable.  
Teléfonos públicos.

Artigo 11. *Uso dos símbolos da exposición.*

Os comisarios de sección poderán facer uso dos símbolos da exposición, especialmente do seu logo, pero só para propósitos non comerciais e que estean directamente vinculados coa exposición. Este dereito non será transferible e poderase facer uso del desde o momento do asinamento do contrato de participación e con expreso consentimento do comisario da exposición.

CAPÍTULO II

**Participantes non oficiais**

Artigo 12. *Solicitud de participación.*

1. A Organizadora da exposición poderá convidar persoas, corporacións e outras organizacións a participaren na exposición e deberanllo solicitar directamente á Organizadora. De aceptaren a invitación, presentaranlle á Organizadora unha solicitude de participación.

2. A solicitude para participar deberá ir acompañada da documentación requirida en relación coas características e co contido da súa exposición e as dimensións da súa área de exposición. Esta solicitude conterá unha definición do tema do pavillón.

3. A Organizadora comunicarlle ao comisario do país de orixe do participante non oficial a súa intención de participar e buscará a súa aprobación.

4. A Organizadora está obrigada a responder á solicitude do participante non oficial non máis tarde de 30 días desde a súa recepción. Se a Organizadora xulgase que a presentación proposta polo participante non oficial non reúne as características necesarias para desenvolver o tema da exposición ou a considerase inaceptable, comunicarlle ao participante non oficial as razóns do seu rexeitamento, así como as maneiras suxeridas para solucionar o. As modificacións necesarias serán acordadas co director do pavillón de que se trate.

5. As condicións de participación dos participantes non oficiais serán especificadas nun contrato de participación asinado entre o director do pavillón de que se trate e a Organizadora.

Artigo 13. *Asignación de espazos.*

A localización dos pavillóns dos participantes non oficiais estará claramente diferenciada da dos participantes oficiais.

Participante oficial.  
Exposición recoñecida.

CONTRATO DE PARTICIPACIÓN MODELO

Reunidos,

Dunha parte, .....<sup>1</sup>, representado/a por.....<sup>2</sup>, comisario, en diante «o participante»,

e doutra parte, a Sociedade Estatal Expoagua Zaragoza 2008, S.A, representada por.....<sup>2</sup>, en diante «a Organizadora»

Acordan:

TÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 1.

Este contrato ten por obxecto establecer os termos de participación de..... na exposición recoñecida de Zaragoza, España, 2008.

Os regulamentos xeral e especiais da devandita exposición, conforme o aprobado ou o pendente de aprobación pola Oficina Internacional de Exposicións (OIE), están recoñecidos como parte integrante deste contrato e son vinculantes para as partes contractuais.

As partes recoñecen a autoridade do comisario da exposición definida no Convenio do 22 de novembro de 1928 e as súas modificacións e nas normativas que aproba a OIE, en particular no artigo 5 do Regulamento xeral.

TÍTULO II

**Exposición do participante**

Artigo 2.

A Organizadora acepta mediante este documento por de xeito gratuito á disposición do participante o lugar definido no plano anexo ao contrato e constituído como segue:

A superficie non deberá exceder os 1.000 m<sup>2</sup>, segundo o previsto no artigo 4, parágrafo 4 do convenio.

O espazo estará á disposición do participante como data límite o 2 de xaneiro de 2008.

A estrutura e o estado tanto das localizacións cubertas coma dos espazos abertos postos á disposición do participante describíense no Regulamento especial n.º 4 designado no artigo 34 do Regulamento xeral.

O participante será responsable do acondicionamento, mantemento e limpeza do/s espazo/s posto/s á súa disposición.

Artigo 3.

A Organizadora subministrarlle ao participante as prestacións previstas no Regulamento especial n.º 9, previsto no artigo 34 do Regulamento xeral, nos prazos e termos mencionados no dito Regulamento especial.

Artigo 4.

A Organizadora comunicarlle ao participante as leis e disposicións establecidas polo Goberno de España, o Goberno de Aragón e o Concello de Zaragoza que lle poidan ser aplicadas en virtude da súa participación nesta exposición, así como outras normas que poidan afectar os participantes pola súa presenza na exposición.

Por petición expresa da Organizadora, o participante facilitaralle toda a información que puidese ser de utilidade, en especial a información concernente ao número e á profesión do persoal que o participante pretende traer para preparar e desenvolver a súa participación, así como a información sobre a propiedade e os obxectos que pretende importar para a súa presentación nesta exposición.

<sup>1</sup> Nome do Estado.

<sup>2</sup> Nome e cargo.



Este intercambio de información constitúe unha axuda mutua destinada a favorecer o éxito da exposición de cada presentación nacional.

#### Artigo 5.

O participante será o único responsable da elección e instalación dos exhibidores da súa sección nacional, así como da selección das persoas a cargo de cada actividade dentro desta.

O participante comprométese a que o seu persoal, por unha parte, e as persoas anteriormente mencionadas, así como os asesores e axentes, por outra, cumpran co acordado neste contrato e coa regulamentación da exposición e coas instrucións que a Organizadora poida dar, dentro dos límites das súas prerrogativas.

A Organizadora comprométese a non contactar directamente coas persoas anteriormente mencionadas senón a través do participante.

#### Artigo 6.

O participante comprométese a:

Manter o seu espazo aberto aos visitantes durante os días e as horas que dure a exposición.

Deixar que a Organizadora instale, realice o mantemento e repare, dentro do espazo do participante, o equipamento ou as instalacións necesarios para o correcto funcionamento da exposición, sen alterar a exhibición dos participantes e sen custo para eles.

Devolver o 28 de novembro, como data límite, o espazo cuberto e ao aire libre do cal dispuña, no mesmo estado en que os atopou.

No caso de que o participante non cumprise co arriba acordado, o comisario do Goberno será subrogado nos dereitos da Organizadora nos termos do artigo 18 do Regulamento xeral.

### TÍTULO III

#### Actividades comerciais do participante

#### Artigo 7.

O participante poderá instalar, dentro do espazo que lle foi conferido, un restaurante para os visitantes que sirva comida do seu país. A Organizadora non recibirá ningún tipo de renda por este espazo cedido ao restaurante, aínda que o participante lle deberá aboar á Organizadora os dereitos establecidos no Regulamento especial n.º 8.

O participante poderá, así mesmo, contar cun restaurante e un servizo de refrescos para uso exclusivo do seu persoal. O seu funcionamento non comportará o pagamento de ningún tipo de dereito á Organizadora, aínda que o espazo que ocupe se deberá incluír no espazo asignado segundo estipula o artigo 2 anteriormente citado.

#### Artigo 8.

O participante terá dereito a venderlle ao público, directamente ou mediante comercio electrónico, fotografías, postais, gravacións musicais, vídeos, CD-ROM, libros, selos e películas sobre o seu país ou sobre a súa exposición. Terá, ademais, dereito a vender outros produtos típicos do seu país (a selección destes produtos realizarase de acordo coa Organizadora) e a ir variando os seus produtos ao longo da exposición. A venda comportará o pagamento de dereitos á Organizadora, segundo as condicións establecidas no Regulamento especial n.º 8.

#### Artigo 9.

De o participante exercer a opción, estipulada no artigo 20 do Regulamento xeral, de vender «in situ» algún dos obxectos ou produtos exhibidos, esta venda non comportará o pagamento de dereitos á Organizadora.

### TÍTULO IV

#### Vantaxes acordadas aos participantes

#### Artigo 10.

As vantaxes e os privilexios conferidos aos comisarios de sección e a outras persoas autorizadas expórannelles aos participantes no Regulamento especial n.º 11.

#### Artigo 11.

O comisario da exposición e a Organizadora aseguranse de que non existan obstáculos para a entrada e estadia no país do persoal do participante.

A Organizadora garantiralle ao participante vantaxes nas materias seguintes:

- (a) Aloxamento,
- (b) Protección contra os riscos para a saúde,
- (c) Vantaxes acordadas ás familias do persoal do participante.

#### Artigo 12.

O comisario da exposición e a Organizadora tratarán coas autoridades gobernamentais relevantes para que estas actúen do xeito máis adecuado para garantir o maior éxito da exposición, en particular:

reducindo, se fose necesario, as cotas de importación dos produtos vendidos na sección do participante, incluído o restaurante;

comunicando a lista dos axentes aprobados pola Organizadora para tratar as cuestións alfandegueiras en nome do participante, a cambio dunha remuneración determinada.

O participante non está en absoluto obrigado a facer uso das empresas arriba mencionadas.

#### Artigo 13.

A Organizadora ofreceralle ao participante listaxes de empresas de transporte, manipulación e embalaxe, provedores de produtos e obxectos, e contratistas en xeral, aos cales a Organizadora lles terá dado a súa aprobación, e que se comprometeron a tratar os participantes en condicións xustas.

#### Artigo 14.

No caso de desacordo entre o participante e a Organizadora, as partes conveñen en chegar a un acordo, a través das oficinas da OIE, se o desacordo fose relativo á interpretación do Convenio do 22 de novembro de 1928 e das súas modificacións ou coa regulamentación da OIE, ou ben a través do Colexio de Comisarios Xerais ou da mesa deste colexio no resto das ocasións.

A Organizadora encargada de obter o pagamento das débedas, conforme o artigo 18, punto 2 do Regulamento xeral, non poderá embargar obxectos que pertencen aos Estados participantes sempre que as ditas posesións teñan o carácter de propiedade pública ou de herdanza cultural de acordo coa Lei dos Estados membros en cuestión.

## TÍTULO V

## Entrada en vigor

## Artigo 15.

Este contrato entrará en vigor no momento en que sexa asinado por ambas as partes e vaia acompañado do referendo anexo do comisario da exposición.

## MINISTERIO DE FOMENTO

**18968** REAL DECRETO 1185/2006, do 16 de outubro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois. («BOE» 261, do 1-11-2006.)

A Conferencia dos Gobernos contratantes do Convenio internacional para a seguranza da vida humana no mar (SOLAS) de 1974 aprobou o 9 de novembro de 1988 unha serie de emendas referentes ás radiocomunicacións para o Sistema Mundial de Socorro e Seguranza Marítimos (SMSSM) que, entre outras consecuencias, supuxo a substitución do capítulo IV, intitulado Radiocomunicacións.

As devanditas emendas foron publicadas no Boletín Oficial del Estado o 19 de maio de 1990 aínda que non alcanzaron plena efectividade ata o 1 de febreiro de 1999.

Dado que o Convenio SOLAS ten un ámbito de aplicación restrinxido, debido a que só afecta determinados buques de pasaxe, a Organización Marítima Internacional recomendoulles ás administracións marítimas que fagan efectivas as normas do Sistema Mundial de Socorro e Seguranza Marítimos mesmo para os buques aos cales non lles é de aplicación o Convenio SOLAS.

Por iso, un primeiro obxectivo do regulamento que se aproba mediante este real decreto consiste en estender a aplicación das citadas normas, ata onde resulta posible, aos buques que non contaban ata o de agora con ningunha cobertura legal en materia de radiocomunicacións.

No que afecta os buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 24 metros, a súa regulación está recollida no Real decreto 1032/1999, do 18 de xuño, que determina as normas de seguranza que deben cumprir os devanditos buques e que incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 97/70/CE do Consello, do 11 de decembro de 1997, pola que se establece un réxime harmonizado de seguranza para os citados buques. O regulamento que agora se aproba pretende completar e precisar, para este tipo de buques, as prescricións en materia de radiocomunicacións marítimas recollidas na normativa reguladora.

Este regulamento vén solucionar, igualmente, outras dúas cuestións relacionadas coa aplicación do Convenio SOLAS. Ao ser este un convenio de prescricións mínimas, considerouse conveniente, en primeiro lugar, estender as súas exixencias a buques que, en principio, non estaban incluídos dentro do seu ámbito regulador e, en segundo termo, concrépanse as regras aplicables naquelas materias para as cales o convenio lles outorga ás autoridades marítimas nacionais liberdade de optar entre diferentes alternativas posibles.

Este regulamento, finalmente, pretende acabar coa dispersión e heteroxeneidade existente na regulación das radiocomunicacións marítimas en España, proporcionando un soporte normativo adecuado e suficiente, que comporte a substitución de normas que quedaron obsoletas, como son a Orde do 10 de agosto de 1957, pola que se

aproba o texto refundido das normas reguladoras da inspección radiomarítima e a Orde do 10 de xuño de 1975 sobre regulación do uso de frecuencias e clases de emisión polas instalacións de radio nos buques.

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución lle atribúe ao Estado no ámbito da mariña mercante, cuxo contido quedou definido no artigo 6 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, entre os que inclúe, nas alíneas c) e d) do punto primeiro, a seguranza da navegación, da vida humana no mar e a seguranza marítima. Pola súa vez, o artigo 86 da Lei 27/1992 atribúelle ao Ministerio de Fomento a facultade para regular a devandita materia, así como a ordenación e o control das inspeccións e controis técnicos e radioeléctricos dos buques civís españois.

Cumpriuse o trámite de comunicación previa á Comisión da Unión Europea para os efectos previstos no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de outubro de 2006,

## DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois que se insire a continuación deste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Inspección e certificación.*

As inspeccións e a extensión de certificados aos buques en materia radioelétrica regularase polo disposto no Regulamento de inspección e certificación de buques civís, aprobado polo Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro.

Disposición adicional segunda. *Empresas instaladoras e de reparación e mantemento de equipamentos radioeléctricos nos buques.*

Non lles será de aplicación ás empresas instaladoras e de reparación e mantemento de equipamentos radioelétricos nos buques o disposto no artigo 15 do Real decreto 401/2003, do 4 de abril, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipamentos e sistemas de telecomunicacións.

Disposición adicional terceira. *Creación do Rexistro de empresas instaladoras, de reparación e mantemento de equipamentos radioelétricos dos buques.*

Créase, na Dirección Xeral da Mariña Mercante, o Rexistro de empresas instaladoras, de reparación e mantemento de equipamentos radioelétricos dos buques, que terá carácter administrativo.

Disposición transitoria primeira. *Empresas instaladoras inscritas no Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicacións.*

As empresas instaladoras que realicen as actividades de reparación e mantemento de equipamentos radioeléc-